

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS (ESCENA GALEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN, DINAMIZACIÓN SECTORIAL E FORMACIÓN NO EIDO ESCÉNICO EN 2023

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, Román Rodríguez González, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q6550009-B, actuando en nome e representación desta en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E por outra, Santiago Cortegoso Calvar, na súa calidade de presidente da Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (en adiante Asociación), con NIF G15834773, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido nos seus estatutos e na acta da asemblea xeral do 22.02.2022.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións está a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008), así como promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, pero tamén o é o impulso da cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.

Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).



Segundo. A Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas é, segundo os seus estatutos, un organismo de carácter profesional e autoxestor que integra empresas e empresarios individuais, legalmente constituídos, coa produción de toda clase de espectáculos escénicos como actividade fundamental, e que ten como fins principais a representación, defensa, xestión e promoción dos intereses dos seus asociados e o fomento e a consolidación das empresas de artes escénicas e da actividade escénica profesionalizada.

Escena Galega, que celebrou en 2022 os 20 anos da súa creación, é a asociación de referencia para o sector profesional das artes escénicas en Galicia. Integra actualmente a 57 compañías e empresas produtoras nos ámbitos do teatro, os monicreques, o novo circo e a danza e artes do movemento, como resultado dun proceso de confluencia e cohesión iniciado en 2015 para reforzar o posicionamento da asociación como interlocutora coas institucións e demais axentes do medio e para impulsar, así mesmo, o desenvolvemento empresarial de cara á modernización do sector, sen perder a identidade das compañías como motores creativos das artes escénicas galegas.

A asociación ten sumado 20 novas produtoras asociadas nos últimos tres anos, destacando especialmente compañías no ámbito do novo circo e a danza e artes do movemento, que supón un crecemento de case un 40 % en número de socios e o posicionamento da entidade como a casa común da escena galega, foro de traballo conxunto e reflexión para as compañías galegas.

Terceiro. A Asociación, atendendo aos seus fins, vén promovendo de forma continuada un programa de actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial así como de fomento de todo tipo de iniciativas que redundan na defensa e potenciación das artes escénicas, e que se concretan nas actividades que leva a cabo para a promoción e visibilización do tecido profesional da escena galega coa asistencia a feiras escénicas e encontros sectoriais de carácter estratéxico así como coa formación, mellora profesional e asistencia ás empresas de artes escénicas e desenvolvemento de proxectos estratéxicos.

Despois da parálise obrigada sufrida, débense retomar agora as oportunidades de mellora no funcionamento das empresas. Escena Galega, neste sentido, vén apostando decididamente nos últimos tempos polo apoio ás estruturas profesionais asociadas, reforzando o seu papel como asociación prestadora de servizos específicos que redunden na modernización das fórmulas de traballo, capacitación profesional e mellora da xestión das empresas produtoras; establecendo accións e propostas transversais que repercutan na actualización, competitividade e modernización do sector, e mellorando e actualizando as estratexias de comunicación e difusión tanto da entidade, como representante das produtoras asociadas, como das mesmas produtoras en contextos profesionais específicos.

Son obxectivos específicos das iniciativas que conforman o proxecto de dinamización da entidade para 2023 incidir na profesionalización da relación entre os distintos axentes, facilitando as dinámicas de posta en común do traballo das compañías cos profesionais da programación ou as empresas do sector produtivo; acompañar os proxectos empresariais en distintos aspectos do desenvolvemento e xestión, ofrecendo servizos de tutoría e consultoría personalizados segundo as necesidades das compañías que permitan os avances dos proxectos nos ámbitos da comunicación, distribución así como na xestión económica e empresarial; prestar un asesoramento específico de carácter transversal no ámbito legal,



fundamental nun colectivo de microempresas e profesionais autónomos, que van contar así con apoios indispensables no seu desenvolvemento profesional; e crear un evento recoñecible de carácter anual que parta da Asociación e que sexa un punto de encontro para os distintos profesionais que operan no sector.

Cuarto. A Agadic presta especial atención ao eido do asociacionismo profesional apoiando medidas e iniciativas concretas das diferentes entidades aglutinadoras do sector profesional que desenvolven unha actividade crecente tanto de cara ao servizo dos asociados coma á visibilización do tecido profesional dos diferentes sectores culturais. E todo ese esforzo no fomento do sector escénico que realiza a Asociación tanto a nivel representativo como de dinamización e promoción coincide plenamente coas liñas de traballo da Agadic no que atinxe ao impulso da cooperación e do asociacionismo nos distintos sectores culturais, así como no establecemento de medidas para aumentar a visibilidade nos mercados culturais e de apoio aos procesos formativos e de capacitación profesional, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic de accións de promoción e difusión, dinamización sectorial e formación no eido escénico durante o ano 2023 que desenvolve a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas.

SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrència para a concesión dunha subvención, por ser esta entidade a única que desenvolve unha actividade deste tipo.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública, como é o caso.



O carácter representativo da entidade, ao ser a asociación máis aglutinadora e extensa en número de compañías de todas as existentes da súa tipoloxía nas diferentes comunidades autónomas e ao abarcar unha enorme porcentaxe do sector escénico galego, conformando un conxunto de estruturas de produción e creación de moi diversas tipoloxías a nivel profesional, así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifica a concesión desta subvención mediante a formalización deste convenio de colaboración.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

A entidade desenvolverá unha serie de accións específicas organizadas en tres eixos de actividades:

A. Accións de formación, capacitación e acompañamento profesional

1. Desenvolvemento do proxecto "Acompaña", proxecto de acompañamento e consultoría personalizado e perfilado segundo as necesidades das compañías por medio de xuntanzas e seguimento cun grupo de consultoría formado por destacados profesionais no ámbito galego e estatal nas áreas da xestión económica e empresarial, a comunicación e a distribución. Durante todo o ano, "Acompaña" facilita un pequeno espazo para avaliar a situación individual de cada compañía e reorientar o negocio aproveitando as fortalezas de cada profesional e enfocándoas a cubrir as novas necesidades que propón o mercado actual.

A área da xestión económica e empresarial centrarase na análise económica e/ou estratéxica da situación de cada empresa; nas axudas, financiamento e recursos dispoñibles; na consultoría estratéxica; apoio comercial, posicionamento actual e oportunidades; e no plan de acción a curto prazo e plan estratéxico a medio e longo prazo.

No ámbito da comunicación abordarase o caso de cada compañía analizando as súas necesidades e carencias e creando unha base de coñecemento nos procesos de difusión para a súa aplicación a longo prazo que incidan nas seguintes temáticas: 1. A importancia de sentar as bases da comunicación en cultura: oportunidades, barreiras, obxectivos e necesidades; plan de comunicación e calendario, coherencia e convivencia entre os ámbitos online/offline; posicionamento orgánico e de pago. 2. Ferramentas e canles de comunicación: prensa, redes sociais, web e outros soportes de difusión. 3. Campañas de comunicación: estratexia xeral, calendario e elección de canles e soportes. 4. Seguimento, a importancia da medición: clipping de prensa, analítica de redes sociais e web.

E na área da distribución, sendo conscientes da súa importancia, abordaranse catro cuestións básicas: o mercado (análise do ecosistema cultural, tipos de mercados, de clientes e de empresas, oferta e demanda, modelos produtivos), a marca (o valor da marca e a compertencia e as súas peculiaridades), a distribución (tipos, estratexias e análise da viabilidade), a venda (procesos de venda e compra, estratexias, obxectivos, materiais e difusión...).

2. Programa de accións formativas específicas co desenvolvemento de catro sesións formativas de carácter monográfico: estratexias para a asistencia a feiras, mercados e foros profesionais de artes escénicas; webinar sobre incentivos fiscais e ferramenta de xestión The Pipe Market; módulo técnico de iluminación escénica co programa QLab5; xestión de posibles investidores para políticas de incentivos



fiscais (especialización en empresas produtoras de artes escénicas) en gasto directo do imposto de sociedades.

3. Asesoramento legal nos ámbitos laboral, fiscal e administrativo.

B. Accións de difusión e promoción

1. Accións de comunicación externa (estratexia en liña nas redes sociais da entidade; actualización da web coas fichas das compañías, novas, eventos, servizos e proxectos; elaboración das comunicacións en prensa escrita, xestión de entrevistas e reportaxes, clipping e resumos periódicos) e interna (seguimento e actualización da área privada das compañías, apoio específico dende a plataforma da Asociación a accións e proxectos das compañías; recollida e actualización dos materiais das compañías para reedición do catálogo e vídeo corporativos; creación e mantemento dunha listaxe informativa para as compañías asociadas con novas, avisos rápidos e actualidade do sector).

2. Deseño e actualización de materiais promocionais: catálogo profesional de compañías asociadas e vídeos para uso en foros profesionais como feiras, mercados e eventos sectoriais.

3. Asistencia a feiras, foros e mercados de carácter sectorial, coa presenza nalgúnhas das citas profesionais de referencia e de interese para as compañías escénicas galegas: Fetén, MADferia, Feira de Ciudad Rodrigo e Mercartes.

C. Accións de xeración de oportunidades e dinamización sectorial

1. Terceira xornada de venda e promoción escénica enfocadas aos espazos programadores públicos e privados de Galicia e a rexión norte de Portugal. No segundo semestre do ano celebrárase esta xornada de venda e promoción coa creación dun espazo profesional para o intercambio, a presentación de proxectos e a recepción destes por parte das entidades programadoras, facilitándose así o labor de distribución e venda de espectáculos e traballos escénicos producidos no segundo semestre do ano.

2. Creación e primeira entrega dos "Recoñecementos Escena Galega", como recoñecemento ao esforzo e o traballo das persoas que compoñen o sector das artes escénicas en Galicia e como unha maneira de xerar referentes de calidade e compromiso para as novas xeracións de profesionais que se incorporan ao ámbito das artes escénicas galegas.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe de 25.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1 432B 781.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



O orzamento total das actividades obxecto de subvención é de 28.592,99 euros, impostos incluídos (24.355 sen IVE). A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

QUINTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Realizarase un pagamento anticipado por importe de ata o 80 %, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, previa a súa autorización polo Consello da Xunta, de conformidade co disposto no artigo 63.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en aplicación da excepción prevista no artigo 67.4. da mesma norma.

No caso de que a entidade solicite pagamentos anticipados, deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

SEXTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a



concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes.

e) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluírase en toda a documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, todos os materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co seu manual de identidade corporativa.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) No seu caso, a carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2023 e a data límite de xustificación.

GASTOS SUBVENCIONABLES	Importe sen IVE	Importe con IVE
Accións de formación, capacitación e acompañamento profesional	11.325	12.908,77
1. Gastos derivados da execución do proxecto Acompaña.	3.375	4.062,49
2. Accións formativas.	3.550	3.550
3. Asesoría legal especializada.	2.200	2.648,14
4. Deseño e coordinación do proxecto Acompaña e do programa de accións formativas.	2.200	2.648,14
Accións de difusión e promoción	5.450	6.560,17
1. Gastos derivados da comunicación externa e interna implementados a través da consultoría de comunicación e difusión.	3.000	3.611,11
2. Deseño e edición de materiais promocionais e de difusión.	1.200	1.444,44
3. Gastos derivados da asistencia a feiras, foros e mercados sectoriais.	1.250	1.504,62
Accións de xeración de oportunidades e dinamización sectorial	7.580	9.124,05



1. Gastos relativos á realización da III xornada de venda e promoción escénica.	2.700	3.249,99
2. Gastos relativos á entrega dos "Recoñecementos Escena Galega".	2.680	3.225,92
3. Deseño, coordinación e implementación das accións de xeración de oportunidades e dinamización sectorial.	2.200	2.648,14
TOTAL	24.355	28.592,99

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o **19 de decembro de 2023**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, estas terán como data límite o 15 de febreiro do ano 2024.

4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria declare que se atopa exenta ou suxeita á modalidade de rateo na declaración do IVE.

5. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais, así como os derivados da garantía bancaria que no seu caso se constituía, para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓN DE PAGAMENTO

A entidade beneficiaria deberá xustificar o custo total da actividade.

1. O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

a) Ata o 80 % do importe total do convenio aboarase en concepto de pagamento anticipado logo da formalización do convenio, e coa presentación previa por parte da entidade beneficiaria da seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A declaración responsable de non incorrer nalgunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Solicitud de anticipo, xunto coa memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades. O anticipo deberá concederse mediante resolución motivada.

b) A cantidade restante, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:



1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia, segundo o seu manual de identidade corporativa.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.
- Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, polo que todas as facturas ou documentos de gasto se deberán presentar xunto co correspondente documento bancario xustificativo.
- No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, acreditación da súa titularidade. A tarxeta debe estar asociada á conta da entidade beneficiaria. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade.
- Para os gastos de desprazamento, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento (a entidade) e o destinatario, asinado por ambas as partes. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais no seu caso, e outros gastos asociados á viaxe de ser o caso (peaxe, aparcamento...) e deberá acompañarse cos documentos acreditativos que se relacionen na axuda de custo. En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,19 euros. Deben acompañarse, como o resto dos gastos, das certificacións bancarias dos pagamentos.
- Para os gastos de aloxamento, restauración e mantenza, só se admitirán aqueles gastos que figuren pagados pola entidade beneficiaria, polo que non se admitirán gastos que non fosen aboados directamente pola entidade aos distintos provedores dos servizos.

Exclusivamente para os gastos de restauración e mantenza, en casos excepcionais en que se xustifique por parte da entidade beneficiaria a imposibilidade de obter a correspondente factura ordinaria, poderase admitir a xustificación do gasto mediante a achega de factura simplificada, que en ningún caso se pode aboar en metálico e na que deben figurar aqueles datos necesarios que vinculen como pagadora a entidade beneficiaria, así como o tipo de IVE aplicado, ademais dos datos fiscais do emisor, identificación do produto ou servizo prestado, importe total, número de serie e data. A xustificación destes gastos con facturas simplificadas debe restrinxirse unicamente a aqueles casos excepcionais en que se xustifique debidamente que non se puido obter a factura ordinaria correspondente.

Na memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados que a entidade debe entregar como parte da documentación xustificativa, debe fundamentarse a necesidade destes gastos relativos a aloxamentos, restauración e mantenza e especificar as persoas que os xeraron e a súa relación coa actividade conveniada.



- En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]).
- En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.
- Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades coa explicación das desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente.

3. Declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada.

4. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria.

5. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso esta deberá achegar a documentación referida.

6. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiaria das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

7. Certificación de encontrarse acollida ao réxime de exención (ou rateo) do IVE no seu caso.

En canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deberán entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada. A documentación correspondente á xustificación presentase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez



comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á entidade.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **19 de decembro de 2023**.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas



todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da Presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que a substitúa.

- A persoa titular da Dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.

3. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un membro do cadro de persoal da Agadic.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Agadic- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO CUARTA. PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN, REINTEGRO E SANCIÓN

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento do importe do convenio no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no clausulado deste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa



aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida nos seguintes casos:

a) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento do obxecto do convenio e a execución do proxecto.

b) Non comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, nin achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Non acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma.

4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención o incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión da axuda. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver o seu alcance (e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro) cos seguintes criterios:

- No caso de condicións referentes á contía subvencionable, o alcance do cumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.

- No caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención (coa inclusión en toda a documentación e soportes de difusión das actividades, impresos e en liña, do logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co seu manual de identidade corporativa), reducirase un 2 % o importe da subvención, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.

5. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.



b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.

c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO SEXTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICCIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SÉTIMA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).



DÉCIMO OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2023.

DÉCIMO NOVENA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

POLA AGADIC

Román Rodríguez González

Presidente do Consello Reitor da Agadic

POLA ASOCIACIÓN GALEGA

DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS

Santiago Cortegoso Calvar

Presidente

